



MEMORIA DE ACTIVIDADES

Bolseir@s OMA-UDC

Curso 2013_2014

Oficina de Medio Ambiente
Vicerreitoría de Planificación
Económica e Infraestruturas
UNIVERSIDADE DA CORUÑA



REDACCIÓN:

Abalde Graña, Sandra
Aguiar Louzao, Beatriz
Alberte Miguélez, Leila
Álvarez Sieiro, Verónica
De la Fuente Varela, Fátima
González Arias, Marta
González Suurbach, Sofia
Lameiro Alba, Lucía
Pereira Álvarez, Noelia
Quelle Regaldie, Ana

COORDINACIÓN:

María R. Lafuente
Asociación ecoloxista ADEGA

DIRECCIÓN:

Manuel Soto Castiñeira
Director da Oficina de Medio Ambiente da UDC

DESEÑO E MAQUETACIÓN:

Álvarez Sieiro, Verónica

EDITA:

Oficina de Medio Ambiente
Vicerreitoría de Planificación Económica e Infraestructuras
Universidade da Coruña



0_INTRODUCCIÓN	01
-A Oficina de Medio Ambiente (OMA).....	02
-Colaboración ADEGA-OMA.....	03
-Organización do persoal bolseiro.....	03
1_COMUNICACIÓN E DIVULGACIÓN	06
2_PROXECTOS SECTORIAIS	10
2.1_Mobilidade e préstamo de bicis.....	11
2.2_Campaña para a redución, reutilización e reciclaxe de papel.....	13
2.3_Monteda Fraga.....	20
2.4_Compostaxe e residuos.....	27
2.5_Hortas comunitarias.....	33
2.6_Green campus.....	34
3_ACTIVIDADES	38
3.1_Ciclo de actividades de outono ambiental	39
3.2_Feiradenadal.....	47
3.3_Ciclo de documentais.....	49
3.4_Encontros solar.....	51
3.5_Limpeza simultánea de praias.....	53
4_OUTRAS ACTIVIDADES	54
4.1_Recollida de alimentos.....	55
4.2_Presentación da candidatura ao premio do voluntariado.....	56
5_MATERIAIS E RECURSOS DA OMA	57
6_DOSSIER DE PRENSA	60

- A Oficina de Medio Ambiente (OMA)
- Colaboración ADEGA-OMA
- Organización do persoal bolseiro



0_INTRODUCCIÓN

-Oficina de Medio Ambiente (OMA)

A Oficina de Medio Ambiente (OMA-UDC) está situada no Edificio Xoana Capdevielle, na Vicerreitoría de Planificación Económica e Infraestruturas.

A súa función é a de participar na coordinación e realización de diferentes actuacións de tipo ambiental na UDC. Desta forma, os obxectivos e funcións da OMA teñen que ver con dous campos prioritarios, como son a xestión ambiental xeral e a sensibilización e participación da comunidade universitaria nas cuestións relacionadas co medio ambiente.

Así, as actuacións poden encadrarse nos seguintes eidos:

- a.** Avaliación, información e divulgación ambiental nos campus da UDC
- b.** Participación e corresponsabilidade ambiental
- c.** Proxectos sectoriais concretos relacionados coa xestión e a sustentabilidade ambiental

-Colaboración ADEGA-OMA

ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica da Galiza) é unha asociación ecoloxista con ampla experiencia en proxectos de sensibilización e educación ambiental. Neste curso continuouse co convenio entre ADEGA e a OMA, iniciado fai dous cursos, para organizar as actividades e campañas realizadas polo persoal bolseiro.

-Organización do persoal bolseiro

Determinouse que para mellorar a coordinación e comunicación entre os bolseiros e bolseiras e o persoal de ADEGA, se tiveran reunións semanais concretamente os luns ás 16.00h na sala de xuntas do Xoana Capdevielle.

A cada bolseira/o foille asignada unha tarefa específica, ademais do traballo en conxunto e a asistencia ás actividades.

Por tanto, o traballo foi repartido da seguinte forma:

- Traballo de oficina e préstamo de bicicletas
- Compostaxe e residuos
- Hortas comunitarias
- Monte da Fraga
- Divulgación, comunicación e redes sociais

Nas reunións establécese e organízase a temática que se vai traballar ao longo da semana en función das actividades programadas, servindo ao mesmo tempo como punto de encontro para tratar calquera outra temática, facer suxestións ou para a resolución dos problemas encontrados.

1_COMUNICACIÓN E DIVULGACIÓN



1_COMUNICACIÓN E DIVULGACIÓN

Comunicación

Ao longo do curso 2013/2014, dende a OMA quixemos continuar co proxecto posto en marcha anos atrás para que esta oficina tivese un espazo propio na internet, máis alá da páxina oficial da Universidade da Coruña (UDC), dende a que ofrecer información tanto acerca de temas ambientais como sobre as súas propias actividades e as actividades doutras organizacións e institucións dedicadas ao medio, sen esquecer facernos eco das novas máis relevantes da UDC, e lograr impulsar e dar a coñecer a toda a comunidade o labor realizado pola Oficina e a súa importancia, para de esta forma lograr pouco a pouco unha maior implicación por parte de todos no coidado e preservación do medio.

Para cumprir con estes obxectivos empregáronse sete ferramentas:

-Facebook

Páxina: “Oficina de Medio Ambiente UDC”

-Blog da Oficina de Medio Ambiente da UDC

www.medioambienteudc.blogspot.com.es

-Biciblog UDC

www.biciblogudc.blogspot.com.es

-Blog Feira de Nadal. Sustentabilidade e Comercio xusto

www.sustentabilidadenaudc.blogspot.com.es

-Twitter

@OMA_UDC

-Youtube

<http://www.youtube.com/channel/UCCA2qcoTAO7rPvjgx0bDR5g>

-About.me

<http://about.me/omaudc>

O Facebook, xunto co Twitter, son os medios dixitais a través dos que transmitimos a información de forma sintetizada sobre as actividades que se van realizar, ademais de diferentes novas relevantes en relación co medio natural.



A páxina de Facebook da OMA “Oficina de Medio Ambiente UDC” empregámola co obxecto de ampliar o número de usuarios e dar a coñecer a Oficina á comunidade, ademais das actividades, fotos e outras novas de interese global. Antes existía como usuario “Bolseiras OMA” pero este ano decidimos deixar soamente a páxina.

De igual modo, os blogs da Oficina, nacidos tres anos atrás, serven especialmente para ampliar a información sobre as actividades que se levan a cabo: ao Blog da Oficina de Medio Ambiente da UDC, hai que sumarlle o Biciblog e o Blog da Feira de Nadal que se emprega para publicar o programa e os artesáns participantes.

Para apoiar a divulgación e darnos a coñecer este curso abrimos conta de Youtube, creamos un prezi (http://prezi.com/_goc4odmzckl/oma-udc/) e una conta en About.me (<http://about.me/omaudc>).



OMA - UDC


nº de usuarios		O máis visto
FACEBOOK	470 ¹	II Encontro Solar na UDC (con 2.992 visitas)
TWITTER	426 ²	
BLOG DA OMA	18846 visitas ³	Crónica: Limpeza simultánea de praias
BLOG FEIRA DE NADAL	736 visitas ³	

- 1.Aumentándose en 179 seguidores con respecto ao ano anterior
 2.Aumentándose en 48 seguidores con respecto ao ano anterior
 3.Historial completo

Ademais destas sete ferramentas, a través dos diferentes correos electrónicos da Oficina (oma@udc.es // oma2@udc.es // oma3@udc.es), dedicámonos a xestionar as diferentes actividades proxectadas, transmitimos a toda a comunidade universitaria a información sobre as actividades e os requisitos para participar nelas, e poñémonos en contacto con diferentes institucións e organización sociais e ambientais.

Na táboa presentamos os datos máis salientables no tocante aos resultados acadados ao longo deste ano nos anteditos medios.

- 2.1_Mobilidade e préstamo de bicis
- 2.2_Campaña para a redución, reutilización e reciclaxe de papel
- 2.3_Monte da Fraga:
- 2.4_Compostaxe e residuos:
- 2.5_Hortas comunitarias
- 2.6_Green campus





2_PROXECTOS SECTORIAIS

2.1_Mobilidade e préstamo de bicis

A OMA ofrece un servizo de préstamo de bicicletas, que neste curso se entregaron no mes de setembro e se recolleron no mes de xuño, xunto co mantemento do Biciblog UDC e a atención das persoas usuarias. Entregando un total de 101 bicicletas, somos conscientes do interese despertado na comunidade universitaria posto que se recibiron 344 solicitudes.

Ademais, fíxose entrega dun casco e un cadeado a cada estudante que resultou beneficiario do préstamo da bicicleta.

Elaborouse un informe do programa de préstamo de bicicletas da UDC coa avaliación do servizo durante o curso 2012/2013 que podedes consultar na seguinte ligazón:

https://www.udc.es/export/sites/udc/_galeria_down/sociedade/medio_ambiente/bicis/informe20122013.pdf



Roteiro en bici e Obradoiro de mantemento, ergonomía e reparacións básicas da bicicleta.

Estas dúas actividades tiveron lugar o 6 de novembro organizadas pola OMA en colaboración coa Asociación Mobi-liza, unha organización que ten entre os seus obxectivos a defensa dos intereses dos peóns, as persoas ciclousuarias e as que usan o transporte público.

O roteiro saíu da desde Elviña para chegar praza de Pontevedra. O obxectivo é ensinar un percorrido seguro entre a cidade e o campus.

A asociación Mobi-liza dividiu o obradoiro en tres partes: Ergonomía, Mantemento e Reparacións básicas. Tamén respondeu as dúbidas das persoas usuarias acerca da lexislación vixente, en cuestións como a obrigatoriedade do uso do casco ou de elementos refráctante, entre outras.



2.2_ Campaña para a redución, reutilización e reciclaxe de papel

-Enquisa sobre o consumo de papel reciclado

O curso pasado elaborouse unha guía para os órganos de contratación e @s usuari@s da UDC sobre a compra pública verde de papel. Neste curso decidimos facerlle chegar a todos os departamentos esta guía, xunto a un kit de materiais de papel reciclado de uso habitual na universidade.

Xunto a entrega deste kit elaboramos unha enquisa para estudar o uso e compra do papel que lle fixemos aos responsables dos departamentos o obxectivo desta actividade e promocionar o uso do papel reciclado e mediante a enquisa poderemos comprobar en próximos cursos se obtivemos algún cambio.



Estableceuse un reparto das facultades entre as bolseiras da OMA para esta labor divulgativa e empregáronse os seguintes recursos informativos:

- Carta de presentación da Oficina de Medio Ambiente explicando a nosa labor e o interese deste proxecto.
- Datos informativos sobre o uso de papel reciclado e impacto medioambiental.
- Guía de compra pública verde de papel.
- Tres trípticos explicativos para recoñecer e comprender as ecoetiquetas.
- Dous sobres reciclados tamaño medio.
- Un sobre reciclado tamaño grande.

As enquisas realizáronse ao longo de tres semanas do segundo cuatrimestre, e as facultades visitadas foron:


- Facultade de Socioloxía.
- Facultade de Dereito.
- Escola Universitaria de Arquitectura Técnica.
- Escola Técnica Superior de Enxeñería de Camiños Canais e Portos.

- Facultade de Economía e Empresas.
- Facultade de Ciencias.
- Facultade de Arquitectura Superior.
- Facultade de Informática.
- Facultade de Ciencias da Educación.
- Facultade de Filoloxía.

-Resultados

Despois de entrevistar a 33 encargados dos departamentos, os resultados serían os seguintes:

Tipo de papel que se merca nas facultades



Pregunta 1: Que tipo de papel mercades no lugar de traballo?

O 12% dos enquisados din empregar papel reciclado para escritura.

O 24% din que usan papel ecolóxico (7 de eles exclusivamente para escritura, 1 deles para escritura e sobres)

O 64% din non usar ningún deses dous tipos de papel.


Pregunta 2: Por que escolles ese papel?

O 42% dos enquisados responderon que non empregan papel reciclado porque “é o máis caro”.

O resto das respostas son:

- Mercouse e non gustou.
- Mercan o que lles din os responsables de cada departamento (2)
- Parecelle un negocio das empresas de reciclaxe.
- Falta información.
- É máis escuro.
- Atascos en impresoras (3).
- Gasta tinta excesiva.
- Xa tiñan papel doutros anos.
- Non se plantexaran a existencia de diferentes tipos de papel.

Polo tanto e atendendo tamén aos seus comentarios pessoais, algunhas das explicacións do pouco uso de papel reciclado poderían ser a falta de información, a falta de poder de toma de decisións ao respecto dos representantes da maior parte dos departamentos e a descordinación, e algún que outro motivo estético.



Pregunta 3: Atendedes ás ecoetiquetas oficiais para mercar produtos de papel?

A gran maioría dos enquisados respondeu negativamente a esta pregunta. Só o 6% dixerón atender ás ecoetiquetas para mercar este tipo de produtos. O motivo principal para ignorar as ecoetiquetas é o descoñecemento. Moit@s dos enquisad@s engadiron estar agradecidos coa información que recibiran, e que cambiarían os seus hábitos ao respecto.

Pregunta 4: Que medidas propoñerías para desenvolver no departamento en relación á xestión responsable do papel?

En canto a esta pregunta, as respostas dos enquisados foron moi variadas e serían:

- Campañas de sensibilización (9 veces repetido).
- Que o prezo do papel reciclado sexa máis barato (6).
- Folletos informativos (5 veces repetido).
- Menos fotocopias e máis uso das novas tecnoloxías (5).
- Que non haxa problemas de compatibilidade coas impresoras (3).
- Toma de conciencia por parte do profesorado.
- Sobres multiuso.

-Aproveitamento do papel.

-Xestionar coa universidade a compra de papel reciclado.

En resumo pode considerarse a importancia da información e a toma de conciencia. Ademáis e segundo aparece reflexado na enquisa, sería necesario un maior aproveitamento do papel e un abaratamento dos custes do papel reciclado. Moit@s dos enquisad@s desoñecían que nos centros de reprografía véndese ao mesmo prezo o papel reciclado que o non reciclado.

-Conclusións

Os departamentos que fan uso de papel reciclado son: Asuntos económicos (CC da Comunicación), Galego-Portugués, Francés e lingüística e Asuntos Económicos (Filoloxía) e Asuntos Económicos (Informática). En todos eles coméntase a necesidade dunha toma de conciencia por parte do profesorado e o alumnado, e se suxire a realización de exames neste tipo de papel.

En definitiva, trala enquisa conclúese que polo momento, o uso do papel reciclado é minoritario nos departamentos das facultades da UDC.

Podería darse un cambio de rumbo se existise máis información ao respecto, a xestión conxunta de toda a universidade para a compra deste tipo de papel e unha desmitificación ao respecto do seu uso.

Cabe subliñar neste último aspecto, que en moitos dos departamentos enquisados responderon que tiñan problemas coa utilización de papel reciclado nas impresoras por mor dos atascos. Sen embargo, habería que recalcar que actualmente o papel reciclado non se fabrica do mesmo xeito que nos seus comezos e hai avances con respecto a problemas de atascos ou de tipo estético.

Quizais o seguinte paso sexa estudar o uso do papel reciclado por parte dunha mostra representativa dos alumnos, para determinar se a información está a chegar do mesmo xeito a persoas con diferentes funcións dentro da UDC.

2.3_ Monte da Fraga



O Monte da Fraga está situado entre as facultades de Ciencias e Filoxía, no campus da Zapateira (Universidade da Coruña) a uns 170m de altitude. No curso 2012-2013 foron cortados os eucaliptos que poboaban unha parte do monte e comezamos coas labores de restauración e construción dunha charca. Neste curso 2013-2014 quixemos darlle un novo enfoque a estas labores de restauración da ladeira mediante proxectos participativos e de educación ambiental promovendo accións ligadas á conservación da biodiversidade e mellora do espazo público no campus universitario.

Para coordinar este proxecto contamos coa colaboración da profesora da Facultade de Ciencias Elvira Sahuquillo, quen nos asesora en cuestións de biodiversidade e conservación. Un dos obxectivos deste espazo tamén é a labor educativa e de investigación ligada ás titulacións da Facultade de Ciencias.

Para darlle coherencia a este proxecto fíxose unha primeira convocatoria para abrir este proxecto a toda a comunidade universitaria e entidades interesadas da Coruña para que fose o máis participativo posible. Comezouse polo recoñecemento do terreo e explicación de conceptos sobre a restauración participativa. Ao remate organizouse un debate onde se propuxeron actividades para o espazo, que se desenvolveron ao longo do curso.

-Actividades:

Reforestación participativa no monte da Fraga



Esta actividade tivo lugar o 20 de novembro enmarcada dentro do ciclo de voluntariado outono ambiental. Convidamos Xosé Santos representante do comité en Defensa do Monte Galego que fixo un relatorio sobre “Cómo iniciar unha reforestación participativa. Actuacións en caso de incendio”. Posteriormente visitamos o espazo na que fixemos unha diagnose do territorio, recoñecendo as súas problemáticas e fortalezas. Este roteiro foi guiado por Elvira Sahuquillo. Ao remate desta xornada recóllemos diferentes propostas de actuación entre o público asistente.

Eliminación de flora exótica invasora



Unha das problemáticas do monte da Fraga é a flora exótica invasora, polo que organizamos esta xornada para aprender sobre esta problemática e tratar de controlar estas especies intentando erradicalas da zona. Esta actividade tivo lugar o 11 de decembro nunha xornada de mañá, e as plantas sobre as que se traballaron foron rebrotes de eucalipto, herba da Pampa e Budleja davidii. A esta actividade asistiu persoal bolseiro da oficina de medio ambiente, universitari@s voluntari@s e foi guiada por educadores de ADEGA.

Reforestación participativa



O 19 de marzo aproveitando a celebración do día da auga e da árbore organizamos unha plantación con flora autóctona, abrimos unha convocatoria para que a xente aportara árbores ou plantas e deste xeito abrir o proxecto. Un voluntario doou unha ducia de cerdeiras e varias plantas de loureiro, dende o departamento de botánica doaron numerosas plantas de carballo, algún castiñeiro e érbedos.



No proxecto establecéronse tres áreas diferenciadas con diferentes especies segundo o uso que se vai a dar a cada unha das zonas. Procedeu-se a crear un corredor de carballos (*Quercus robur* e *Quercus rubra*) e castiñeiros (*Castanea sativa*) a carón do camiño que une a facultade de ciencias coa de filoloxía. Estes exemplares foron sementados na pasada temporada e teñen un porte de entre 20-50 cm. Plantáronse no mesmo buraco entre 2-4 exemplares coa intención de cubrir a posible mortalidade. Na zona superior da área a reforestar, ao lado da estrada, iniciouse a creación de sebes coa intención de que ao medrar, illen todo este espazo do ruído dos coches, en particular a zona da charca situada inmediatamente por baixo. Nesta zona podemos atopar exemplares de acivro (*Ilex aquifolium*), loureiro común (*Laurus nobilis*) e laureiro real (*Prunus laurocerasus*). A última zona na que se procedeu a reforestar é a situada por baixo da charca e nela podemos atopar cerdeiras (*Prunus* sp.) e érbedos (*Arbutus unedo*), árbores moi valoradas por diferentes especies animais debido aos seus froitos.

Aproveitamos esta xornada para arranxar as marxes da charca construída o pasado curso, puxemos unha malla vexetal para suxeitar a terra e que colonice a vexetación.



Dentro da charca plantamos flora acuática como xuntos e espadanas, procedentes da balsa de depuración por humidal da universidade.

Esta xornada tivo unha duración dun día enteiro, aproveitamos para xantar no lugar e tivo moi boa aceptación entre os presentes.

-Colaboracións:



Este curso dúas entidades mostraron interese en participar neste programa de restauración participativa. A Escola Infantil Municipal (EIM) Arela, achegouse ao monte da Fraga o 15 de marzo, cunha actividade enmarcada dentro do proxecto Voz Natura. Arela plantou tres especies: loureiro común, loureiro real e acivro, participando na actividade unha ducia de familias (tanto alumnos da escola como os seus irmáns maiores). Os pequenos gozaron moito da plantación e o día soleado tamén foi moi propicio para poder realizala.



A outra entidade que participou no proxecto foi a fundación María José Jove que puxeron en marcha o proxecto ACTÚA. Acción xuvenil de Conciencia Social Positiva. Os xoves tiveron a oportunidade de coñecer o voluntariado ambiental e axudaron na restauración; as tarefas que levaron a cabo foron de mantemento, eliminación de rebrotes de eucalipto e retirada da herba que creceu por riba da altura dos carballos, marcándoos para continuar co seguimento.

Dende a OMA animamos a colectivos a participar neste proxecto de restauración do Monte da Fraga.

-Trabalho da oficina:

O persoal bolseiro da OMA dedicado a este proxecto realizou diferentes labores, aparte da organización das actividades descritas, como foi o inventariado e identificación das árbores, o seguimento e rega da plantación, o censo de aves no monte e a colaboración co servizo de xardinería para manter os camiños rozados e o control das matogueiras.

ZONA DAS FRANXAS:

Código	Letra	Tipo árbore
1	A-E	Acevo
2	A,B	Loureiro real
	C	Loureiro
	D	Loureiro real
	E	Loureiro
	F	Loureiro real
3	A	Loureiro
	D	Madroño
	B,C	Loureiro real
4	A-D	Loureiro real
5	A,B	Loureiro
	C	Loureiro real
	D	Loureiro
6	A-D	

ZONA DAS CERDEIRAS:

Código	Nº Exemplares	Tipo árbore
1	1	Madroño
2	1	Madroño
3	3	Cerdeira
4	2	Cerdeira
5	3	Cerdeira
6		
7	1	Cerdeira
8	1	Cerdeira
9	2	Cerdeira
10	2	Cerdeira
11	1	Cerdeira
12	1	Cerdeira

ZONA DO CAMIÑO:

Código	Nº Exemplares	Tipo árbore
1	1	Madroño
2	5	Carballos
3	5	Carballos
4	5	Carballos
5	6	Carballos
6	2	Carballos
7	4	Carballos
8	4	Carballos
9	5	Carballos
10	6	Carballos
11	1	Cerdeira
12	4	Carballos
13	5	Carballos
14	4	Carballos
	1	Castiñeiro
15	3	Carballos
	2	Castiñeiros
16	5	Carballos
17	1	Carballo
	2	Castiñeiros

-Mapa e listado de especies plantadas:



2.4_ Compostaxe e residuos




-Compostaxe

Desde o ano 2010, a Oficina de Medio Ambiente da Universidade da Coruña (UDC) está levando a cabo un proxecto de reciclaxe pioneiro no tratamento de residuos orgánicos xerados nos comedores dos centros universitarios (ROCU) e des restos de vexetais procedentes do servizo de xardinería mediante a compostaxe.

As bolseiras da OMA demos continuidade a este proxecto no caso da Facultade de Filoloxía (FF) e Escola Técnica Superior Arquitectura (ETSA) e comezamos cun centro novo, a Escola Universitaria de Arquitectura Técnica (EUAT).



Os residuos orgánicos procedentes das cociñas e comedores trátanse de dous xeitos diferentes, ben mediante un compostador mecánico (caso da ETSA), ben mediante composteiros estáticos similares aos empregados en compostaxe doméstica (FF e EUAT).



Os composteiros estáticos son un sistema de baixo custe, tecnoloxía sinxela e gasto de enerxía moi reducido. O proceso consiste en mesturar a materia orgánica con estruturante (restos vexetais de podas, follas...), e no seguimento e control manual do proceso comprobando a temperatura (sonda termométrica) e a humidade do mesmo (medida cualitativa de tipo sensorial). Cada área conta con entre 3 e 5 compostadores, algúns de 320 L e outros de 1050 L, segundo necesidades. Estes composteiros permiten atender un pequeno volume de residuos orgánicos, que temos estimado nun máximo duns 20 kg/día. Para cantidades maiores o número de composteiros resulta elevado e tamén o traballo de mestura e volteo periódico do material.

O compostador mecánico empregado na ETSA permite tratar un volume maior de residuos, de até uns 50 kg/día. Trátase dun dixestor cilíndrico cun parafuso senfín accionado mediante un motor eléctrico que vai mesturando os residuos orgánicos e o material estruturante, depositados manualmente na boca de entrada ao mesmo. Posteriormente, este compost fresco continua o proceso de estabilización de forma estática en sacos de 1000 litros, por un período de 2 a 3 semanas até o descenso da temperatura a menos de 30 °C.

O persoal bolseiro encargámonos da toma de datos de cantidade de residuo, temperatura e osíxeno, que permiten coñecer en que fase de maduración se atopa o compost, así como, o control de humidade engandindo auga cando era preciso. No caso dos composteiros estáticos os residuos orgánicos son introducidos polo persoal do comedor e o cometido das bolseiras é engadir estruturante e mistura. Por outra banda, no caso do compostador mecánico o persoal bolseiro encargouse de introducir os residuos no mesmo e sacalos despois deste tratamento inicial para que segan a súa maduración de xeito semellante aos composteiros estáticos.

Coordinan o traballo neste proxecto Manuel Soto e Paula Castiñeira.

Resultados


En ambos procesos ten especial importancia a correcta separación de residuos de forma que a fracción orgánica utilizada se reciba o máis libre posible de impropios. De forma continuada, a presenza de impropios é moi reducida, inferior ao 1%. O compost obtido é de clase A, no que se refire ao contido en metais pesados, polo que non presenta restricións de uso.

Presenta un elevado contido en nutrientes, con concentracións de N variando entre o 2 e o 4% en función principalmente da relación residuos orgánicos de comedores universitarios e fracción vexetal. Por outra banda, ademais do seguimento dos parámetros operativos indicados arriba, tamén se realizaron campañas de seguimento da concentración de osíxeno e da estabilidade do compost mediante ensaios de autoquecemento e respirometría.



O compost xerado utilízase no propio campus universitario, maiormente como fertilizante para as hortas urbanas que a UDC ten en préstamo a membros da comunidade universitaria desde o pasado ano 2013. Outros destinos son as campañas de divulgación do compost, ou os labores de xardinería e mantemento. Deste xeito preténdese cerrar o ciclo da materia orgánica no contorno máis inmediato, neste caso o campus da universidade.






-Presentación ao V Congreso Internacional de AGroeco- loxía e Agricultura Ecolóxica.

As bolseiras da Oficina de Medio Ambiente colaboramos na redacción dun resumo, artigo e cartaz para o V Congreso Internacional de Agroecoloxía e Agricultura ecolóxica.

Este congreso é organizado polo grupo de investigación en Economía Ecolóxica e Agroecoloxía da Universidade de Vigo e ten o lema de “Propostas agroecolóxicas ao industrialismo: recursos compartidos e respostas colectivas”.

Nesta publicación explícase a labor levada a cabo na UDC no ámbito da compostaxe e a súa aplicación ás hortas urbanas.





-Caracterización

Co motivo da revisión do plan de residuos do Campus, as bolseiras deste ano participamos na caracterización de residuos das diferentes facultades e escolas. Como complemento á caracterización realizáronse enquisas ao servizo de restauración e limpeza.



Os residuos considerados no estudo son os correspondentes os recollidos polo servizo de limpeza en aulas, corredores, laboratorios, despachos e administración durante unha semana. Por tanto, exclúese da caracterización a fracción correspondente ós servizos de restauración.



O traballo realizado consistiu no pesado e medición de volume total e, posteriormente, a separación e pesado en fraccións de papel, vidro, botellas, latas e outros.

Durante o proceso tomamos notas da posible procedencia das mesmas, así como a presenza de materia orgánica, tabaco e papel de mans (por considerar esta moi significativa). Actualmente, están a ser analizados os datos obtidos.



2.5_Hortas Comunitarias

A finais do curso pasado 2012-2013 puxéronse a disposición da comunidade universitaria pequenas parcelas de hortas no campus. Este curso as persoas usuarias das hortas continuaron cos traballos nas súas parcelas ademais de organizarse para arranxar as zonas comúns.

Dende a oficina de Medio Ambiente proporcionase ferramenta e apoio dun experto en horta ecolóxica. Así, as persoas usuarias teñen a posibilidade de asistir a xuntanzas de apoio para aclarar dúbidas e xornadas de práctica, nas que se conta co enxeñeiro agrónomo Xan Pouliquen, quen tamén atende as dúbidas mediante correo electrónico.

Nestas hortas faise uso do compost procedente das tres áreas de compostaxe dos comedores universitarios da Zapateira. O compost aportado ás hortas ten unha excelente calidade, e ademais co seu uso péchase o ciclo da materia orgánica no propio campus universitario.





2.6_Green Campus

A Universidade da Coruña adheriuse este curso ó Programa Green Campus. Este programa internacional está promovido pola Fundacion for Environmental Education (FEE), a través da Asociación de Educación Ambiental y del Consumidor (ADEAC).

O programa Green Campus recolle a filosofía, metodoloxía e experiencia de Ecoescolas, adaptada ás necesidades e problemática específica do ámbito universitario e ten en conta aspectos como un uso eficaz da enerxía, a mobilidade sustentabel ou a compra socialmente responsable cun menor impacto ecolóxico.

Na Universidade da Coruña, de momento implantouse na ETS de Arquitectura, na EU de Arquitectura Técnica, na Facultade de Ciencias, na Facultade de Ciencias da Educación e na Facultade de Ciencias da Saúde, pero a previsión é que se vaian incorporando o resto dos centros nos vindeiros anos.





O 13 de marzo celebrouse a primeira xornada de traballo do Green Campus, coa participación de:

-José Ramón Sánchez Moro, presidente de ADEAC-FEE

-Amalia Blanco Louro, vicerreitora de Planificación Económica e Infraestruturas da UDC

-Direccións dos centros ETS Arquitectura, EU Arquitectura Técnica, Facultade de Ciencias e Facultade de Ciencias da Educación.

-Oficina de Medio Ambiente da UDC

Tras a xornada de traballo, presentouse públicamente o programa GreenCampus, nunha charla-debate aberta, que celebrada no Salón de Actos da Facultade de Ciencias (A Zapateira), na que se explicaron a metodoloxía e os obxectivos do programa GreenCampus na UDC.

-Metodoloxía

O programa Green propón unha metodoloxía inspirada na do programa Ecoescolas de la FEE, aínda que adaptada e adaptable dunha forma personalizada ó ámbito e problemática universitarios e na procura da integración do positivo das experiencias previas locais existentes.

A súa estrutura é a seguinte:

- 1_Comité Ambiental
- 2_Ecoauditoría
- 3_Plan de Acción
- 4_Declaración do compromiso ambiental
- 5_Asesoramento e avaliación continua
- 6_Información e comunicación
- 7_Avaliación final

-Obxectivos

Os obxectivos a acadar xiran arredor de dez áreas de actuación:

- 1_Optimización do consumo de auga e enerxía.
- 2_Redución da xeración de residuos e recollida separada.
- 3_Atención preferente aos RAEE (residuos de aparatos eléctricos e electrónicos).
- 4_Contaminación atmosférica, acústica e lumínica.

5_Mobilidade sostíbel.

6_Alimentación saudábel.

7_Biodiversidade.

8_Compra verde, comercio xusto e consumo responsábel.

9_Participación, sensibilización e voluntariado ambiental.

10_Ambientalización curricular da docencia e da investigación.

Actualmente os cinco centros inscritos no programa traballan para formar o Comité Ambiental e o Plan de Acción.

3_ACTIVIDADES

3.1_Ciclo de actividades de outono ambiental

3.2_Feira de nadal

3.3_Ciclo de documentais

3.4_Encontro solar

3.5_Limpeza simultanea de praias



3_ACTIVIDADES



3.1_Ciclo de actividades de outono ambiental

Este ciclo combinou actividades sobre residuos, biodiversidade... sendo o voluntariado ambiental unha ferramenta transversal no traballo da OMA ano tras ano, un curso máis realizouse a inspección de outono e primavera do Proxecto Ríos, continuouse co traballo no Monte da Fraga entre outras moitas actividades.

3.1.1_Proxecto Ríos

3.1.2_Reforestación participativa

3.1.3_Obradoiro de caixas niño

3.1.4_Eliminación de flora exótica invasora

3.1.5_Identificación e cultivo de plantas aromáticas

3.1.6_Compostaxe na UDC_2ª PARTE

3.1.7_Da reciclaxe a residuo cero. Xestión de residuos na UDC



3.1.1_Proxecto Ríos

O 29 de Outubro tivo lugar a inspección de outono e o 29 de Abril a inspección de primavera no río Lagar, no treito situado entre o Edificio de Servizos Centrais de Investigacións e a Facultade de Economía e Empresa, no campus de Elviña. Un grupo de voluntarios e voluntarias xunto co persoal bolseiro da OMA e Paco Bañobre, educador de ADEGA, levamos a cabo a inspección do río.





Resultado:

Unha vez feita a inspección xa sabemos a calidade do noso río. Os criterios que analizamos foron os seguintes:

-A calidade hidromorfolóxica: observamos o bosque de ribeira, largura do río, presenza de rápidos ou augas estancas... Podemos constatar que é unha zona cunha forte presión antrópica.

-A calidade físico-química: medimos o pH, nitratos, T^a, osíxeno disolto e transparencia. Todos estes parámetros deron resultados normais.

-A calidade biolóxica: identificamos os organismos macroinvertebrados presentes no punto de mostraxe. Cada familia ten asignada unha calidade dependendo de se son máis ou menos esixentes, de maneira que se empregan como bioindicadores. Os macroinvertebrados presentes no treito pertencen ao estado moderado, é dicir, con indicios de degradación do ecosistema, principalmente por presión antrópica xa que este está rodeado por unha zona bastante antropizada (carreteira, edificios...).



REFORESTACIÓN PARTICIPATIVA

Mércores 20 NOVIEMBRE DATA

16:30 HORARIOS E LUGARES
Encontro no Salón de actos da Facultade de Ciencias

16:45
Visita guiada ao Monte da Fraga

18:00
Salón de actos da Facultade de Ciencias

Conferencia a cargo de Xosé Santos (representante do Comité en Defensa do Monte Galego)

*Como iniciar unha reforestación participativa. Actuacións en caso de incendio

Reserva en oma3@udc.es

¡APÚNTATE!

Ciclo de voluntariado ambiental na UDC

20 horas (ciclo completo) 2 créditos de libre elección
10 horas (ciclo parcial) 1 crédito de libre elección

29/10	Data pendente	13/11	Compostaxe na UDC, 1ª parte	20/11	Reforestación participativa	26/11	Caixas nido	04/02	Mesa de cultivo	11/02	Compostaxe na UDC, 2ª parte	18/02	Xestión de residuos na UDC
2h		4h	2h	2h	2h	2h	2h	2h	2h	2h	2h	2h	

OUTONO AMBIENTAL UDC 13

Máis información: <http://medioambiente.udc.blogspot.com> Oficina de Medio Ambiente UDC @OMA_UDC

3.1.2_Reforestación participativa

O 20 de Novembro tivo lugar una charla presentación do proxecto Reforestación Participativa do Monte da Fraga. Esta actividade estimo dividida en dúas partes unha presentación e explicación do proxecto e unha visita de recoñecemento da área a traballar. A presentación foi feita por Paco Bañobre (educador ambiental de ADEGA) e contouse con Xosé Santos (representante do comité en Defensa do Monte Galego) para unha conferencia, pola súa ampla experiencia en temas de restauración e incendios para guiarnos nesta tarefa. A visita ao monte da Fraga foi guiada por Elvira Sahuquillo (responsable da área de Biodiversidade e Conservación)



O fin das actividades sobre o Monte da Fraga son promover a reforestación con árbores autóctonas, eliminación da flora exótica invasora, aumentar a biodiversidade da zona e conservar o espazo sendo ao mesmo tempo un espazo educativo.

3.1.3_Obradoiro de caixas niño

CAIXAS NIÑO

Martes 26_NOVEMBRO

10.30 h
Taller de Maquetas, no Edificio de Departamentos da Escola Técnica Superior de Arquitectura
Charla a cargo de Ramsés Pérez Rodríguez (ADEGA)

A continuación
Obradoiro de construción de caixas niño.
Limpieza e seguimento das do ano pasado.

14:00 h
Remate da actividade

Reserva en oma3@udc.es

¡APÚNTATE!
Ciclo de voluntariado ambiental na UDC 23 horas
Solicitados 1.5 créditos de libre elección
Para a obtención dos créditos, asistencia mínima do 80% (18 horas)

29/10 Data pendente
Proxecto Rios 2h

13/11 Compostaxe na UDC 1ª parte 2h

20/11 Reforestación participativa 2h

26/11 Caixas niño 2h

04/02 Mesa de cultivo 2h

12/02 Xestión da auga 3h

19/02 Xestión de residuos na UDC 3h

26/02 Compostaxe na UDC 2ª parte 2h

ORGANIZAN
Oficina de Medio Ambiente UDC
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

OUTONO AMBIENTAL UDC 13

Máis información: <http://medioambiente.udc.blogspot.com> | Oficina de Medio Ambiente UDC | @OMA_UDC

O 26 de Novembro organizouse un obradoiro de caixas niño para pendurar pola contorna do campus e monte da Fraga. Para esta actividade convidamos a Ramsés Pérez, Educador Ambiental de ADEGA, que impartiu una charla informativa sobre as caixas niño para paxaros e o seu funcionamento. A continuación todos os asistentes á actividade acudimos ao taller de maquetas da escola Superior de Arquitectura e alí puxémonos mans á obra na fabricación das caixas.

3.1.4_Eliminación de flora exótica invasora

ELIMINACIÓN DA FLORA EXÓTICA INVASORA

Mércores 11_DECEMBRO

10.30
Salón de actos da Facultade de Ciencias
Charla explicativa sobre a flora exótica invasora a cargo de Lucía Parente (ADEGA)

12.00-14.00
Monte da Fraga
Eliminación de exótica invasora
Por exemplo: rebrotes de eucalipto, budleja davidii, ou herba da pampa

Reserva en oma3@udc.es

Trae roupa de augas por se chove

¡APÚNTATE!
Ciclo de voluntariado ambiental na UDC 23 h
1.5 créditos de libre elección
Asistencia mínima do 80% (18 horas)

29/10 Data pendente
Proxecto Rios 2h

13/11 Compostaxe na UDC 1ª parte 2h

20/11 Reforestación participativa 2h

26/11 Caixas niño 2h

11/12 Eliminación exótica invasora 2h

04/02 Mesa de cultivo 2h

12/02 Xestión da auga 3h

19/02 Xestión de residuos na UDC 3h

26/02 Compostaxe na UDC 2ª parte 2h

ORGANIZAN
Oficina de Medio Ambiente UDC
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

OUTONO AMBIENTAL UDC 13

Máis información: www.proxectosrios.org | <http://medioambiente.udc.blogspot.com> | Bolseiros Oma/Oficina de Medio Ambiente UDC | @OMA_UDC

O 11 de decembro eliminamos flora exótica invasora do monte da Fraga. Esta Actividade tivo unha parte teórica na que a bióloga Lucía Parente (ADEGA) explicounos a importancia da biodiversidade e as súas posibles causas de desaparición entre elas a repercusión da introdución de fauna e flora alóctonas. Ao remate fomos ao Monte da Fraga para a realización da parte práctica de eliminación de flora exótica invasora. As plantas sobre as que se traballaron foron rebrotes de Eucalipto, Herba da Pampa e Budleja davidii.

Identificación e cultivo de plantas aromáticas

6ª actividade do ciclo de voluntariado ambiental:

- 23 horas
- 1'5 créditos de libre elección
- Asistencia mínima 18 horas

* Mércores 12 de Febreiro
* 16:00h
* Escola universitaria de arquitectura técnica (EUAT)
* Relatora: Carolina Porto, enxeñeira agrícola.

Necesaria inscrición en: omas@udc.es

Máis info en:
<http://medioambiente.udc.blogspot.com>
f Oficina de Medio Ambiente UDC
e @OMA_UDC

Organizan:

Oficina de Medio Ambiente
UNIVERSIDADE DA CORUÑA
VICERRECTORIA DE PLANIFICACIÓN ECONÓMICA E INFRAESTRUTURAS

OMA ADEGA



3.1.5 Identificación e cultivo de plantas aromáticas

O 12 de Febreiro aprendemos a identificar as plantas aromáticas que nos rodean e logo as plantamos nunha mesa de cultivo que quedou instalada na nova área de compostaxe na Escola Universitaria de Arquitectura Técnica. A actividade comezou cunha charla de Carolina Porto, licenciada en Enxeñería Agrícola pola Universidade de Santiago de Compostela fíxose unha recompilación das plantas aromáticas de maior uso facendo referencia ó tipo de solo que necesita cada unha así como ás súas necesidades solares e climas preferidos. Continuamos a falar dos múltiples usos destas plantas dende a farmacoloxía ata a decoración pasando pola perfumaría e alimentación entre outros.



Tras a xornada expositiva realizamos a identificación e plantación de plantas. En grupos de 5 tratamos de asociar nome con planta e realizamos posteriormente a plantación das mesmas na mesa de cultivo. Utilizouse para dita plantación o compost xerado nos composteiros da Zapateira, pechando, unha vez mais, o ciclo dentro do marco da universidade.

3.1.6_Compostaxe na UDC_2ª PARTE

O 19 de febreiro tivo lugar a proxección do documental “Trashed” no salón de actos da facultade de ciencias. Este documental está protagonizado polo actor Jeremy Irons e dirixido por Candida Brandy e é un documental ambiental que trata o tema do aumento do volume e toxicidade dos residuos a nivel global nos últimos anos e das medidas inadecuadas utilizadas para tratalos: os vertedoiros e as incineradoras.

A visualización do documental foi seguida dun pequeno coloquio sobre como nos afectan estes problemas e as medidas posibles para poder combatelos. As medidas máis aceptadas foron claras: mediante a reciclaxe. A actividade rematou coa visita a nova área de compostaxe da Escola Universitaria de Arquitectura Técnica que forma parte do plan de residuos da Universidade. Ademais como remate da actividade instalamos un novo compostador estático nesta área.



DA RECICLAXE A RESIDUO CERO

Mércores 26, FEBREIRO

16.30

Salón de graos do Edificio de Departamentos da Escola Técnica Superior de Arquitectura

Relator: Ramón Plana

Visita ás áreas de Compostaxe da UDC

Reparto de Compost

RESIDUOS ORGÁNICOS

COMPOST

RESIDUO CERO

Reserva en oma3@udc.es

UDC 14

Ciclo de voluntariado ambiental na UDC. 20 h
1,5 créditos de libre elección
Asistencia mínima do 60% (16 horas)

ORGANIZAN

Oficina de Medio Ambiente
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

UDC 14

Máis información: <http://medioambiente.udc.blogspot.com> | [Bolseiros Oma/Oficina de Medio Ambiente UDC](https://www.facebook.com/BolseirosOmaOficinaMedioAmbienteUDC) | [@OMA_UDC](https://twitter.com/OMA_UDC)

XESTIÓN DE RESIDUOS SITUACIÓN NA UDC

_DATA

HORARIOS E LUGARES

_PRAZAS LIMITADAS

ORGANIZAN

3.1.7_Da reciclaxe a residuo cero. Xestión de residuos na UDC

O día 26 de febreiro continuamos traballando a problemática dos residuos, para esta actividade contamos co experto en xestión de residuos, Ramón Plana, quen ten participado na elaboración do plan de xestión de residuos da UDC, e que nos presentou nesta xornada. Algunhas das conclusións obtidas son a inmensa cantidade de papel que aparece no contedor da fracción resto e de envases, e en xeral a mala separación en orixe.

Na conferencia tratouse a necesidade dunha completa separación dos materiais en orixe para poder realizar a súa completa reciclaxe, en especial dos residuos orgánicos que son moi sinxelos de reciclar mediante a compostaxe. Para rematar organizamos unha nova visita ás áreas de compostaxe da Escola Técnica Superior de Arquitectura e da Escola Universitaria de Arquitectura Técnica, en que se explicou o procedemento realizado para obter dos residuos da cafetería e dos restos das podas o compost utilizado nas hortalas da Universidade.





3.2_Feira de Nadal. Consumo responsable

O 12 de decembro convidamos á comunidade universitaria a asistir a IV Feira de Sustentabilidade que tivo lugar no vestíbulo da Facultade de Economía e Empresa no campus de Elviña. Na feira amosamos a profesorado e alumnado un xeito diferente de consumir, propoñendo diversos produtos artesanais, comercio xusto e coñecendo os obxectivos e proxectos de diferentes asociacións ambientalistas.



Os diferentes postos situáronse alí entre as 11:00 e as 19:00 dese día. Á feira asistiron 10 artesáns (Precicla!, RetoqueRetro, Cucamonnas, Confioeteas, La Dulce Meri, Equisol, Helena Karenina Ilustración...) e 5 asociacións ecoloxistas e de voluntariado social (Oficina de Colaboración e Voluntariado UDC, Enxeñeiros Sen Fronteiras, Grupo Naturalista Hábitat, asociación Mobi-Líza e ADEGA) que acompañaron a xornada da mellor forma posible, pregoando que o comercio xusto, sustentable e ecolóxico é unha realidade á que debemos achegarnos.



No posto da Oficina de Medio Ambiente realizouse unha recollida de alimentos e xoguetes para a Cociña Económica de A Coruña. O mercadiño de troco, ao carón do posto da OMA, permitiu intercambiar, entre outras cousas, roupa. A asociación Mobilízate, en colaboración co Instituto Jane Goodall, realizou unha recollida de móbiles co fin de colaborar coa protección dos ecosistemas africanos.



Realizáronse obradoiros de decoración de Nadal nos que fixemos divertidas e sinxelas rosas con lazo e bolas decorativas con laranxas que á vez facían de ambientadores. Durante a tarde o obradoiro de Precicla sobre “Reciclaxe Téxtil” ensinounos como poder reciclar ou reutilizar roupa que xa non usamos, xa que a cantidade de roupa que chega ó vertedoiro está a ser un problema ambiental. Como solución reciclamos esta dándolle un novo uso, cambiándolle a forma, ou formando longas tiras coas que poder tecer novas prendas ou accesorios. O último taller da xornada veu impartido da man de Isabel García que nos ensinou a técnica do Origami dándolle un novo uso aos folletos publicitarios e adestrando os dedos, a paciencia e a persistencia.





3.3_Ciclo de documentais socio-ambientais

No mes de abril organizamos un ciclo de documentais de temática socio-ambiental na facultade de Socioloxía. Composto de catro xornadas, e en cada unha proxectouse un documental acompañado dun debate final. Este ciclo pretendía ser un espazo para o coñecemento e reflexión de diferentes problemáticas ambientais e sociais. Tratáronse temas como os transxénicos, consumismo, privatización da auga potable, sobre-explotación e esgotamento de recursos.

A primeira proxección foi o documental “Océanos”, un documental con impactantes imaxes sobre a contaminación no medio e a sobre-explotación dos recursos mariños.

A segunda foi “Flow, polo amor da auga” un documental que explica con detalle a ansia privatizadora do FMI e varias das transnacionais máis poderosas dun ben común como é a auga, o recurso máis valioso da terra.

A terceira foi “O mundo segundo Monsanto”, documental que denuncia os efectos negativos que provocan os produtos agroquímicos e as sementes de soia transxénica que comercializa a empresa máis grande do sector, e expón a cara máis escura da realidade agrícola de América do Norte e do Sur.

Por último proxectamos, “O poder dos centros comerciais”, documental que analiza os recursos psicolóxicos utilizados nos centros comerciais para atraer aos consumidores. Tras cincuenta anos de existencia en moitos países, a cultura dos centros comerciais é xa un estilo de vida, e esta é unha realidade moi próxima á cidade da Coruña.

A proxección de cada documental foi acompañada dun debate no que convidamos a diferentes persoas e entidades implicadas na problemática, así o debate da proxección de Oceanos e Flow foi dirixido por persoal do Proxecto Ríos, o mundo según Monsanto por Marcial de Zocaminhoca e o poder dos centros comerciais por Manuel García profesor da facultade de socioloxía.



3.4_Encontro Solar

O 14 de maio entre as 11.00 e as 17.00 tivo lugar no aparcamento da Facultade de Socioloxía (Campus de Elviña) o II Encontro Solar na UDC para o que contamos coa colaboración do C.I.F.P. de Someso e sobre todo co profesor do departamento de construción e obra civil Juan Bello cunha ampla experiencia en construción e uso de cociñas solares, ademais de ADEGA. Este encontro consistiu nunha xornada completa de experimentación solar, cociñamos en fornos e cociñas solares, e tivemos exposición de diferentes aparellos solares.

Pola mañá tivo lugar a charla de Som Enerxía relatada por Javier Pombo Sánchez. Nela falou do funcionamento do mercado eléctrico actual e presentou a cooperativa explicando as alternativas ás compañías distribuidoras enerxéticas máis destacadas. Ademais deu algúns consellos sobre aforro enerxético cos que se poden reducir as facturas.

Despois desta charla realizouse a visita guiada á unha instalación fotovoltaica da UDC no CITIC, da man de Jesús Giz, técnico superior de mantementos da UDC, na que coñecemos o seu funcionamento e os seus





resultados enerxéticos. Tamén se falou das reformas levadas a cabo nalgúns centros para facilitar o aforro enerxético.

Realizouse unha actividade de Gastronomía Solar durante a hora de xantar, na que se puideron degustar diferentes pratos cociñados alí mesmo con enerxía solar, entre os cales se atopaban: pizza, quiche de verduras, arroz con verduras, polbo con cachelos, verduras e cogomelos, costela, raxo con patacas, polo asado, tamén houbo sobremesas como biscoito, peras asadas, torta de queixo, bolachas de chocolate...



Durante toda a xornada os membros da comunidade universitaria puideron visitar a exposición de aparellos solares que consistía: en fornos (moitos deles realizados polos alumnos do instituto de Formación Profesional de Somo) e cociñas, feitos con diferentes materiais. Tamén había xoguetes, cargadores de teléfonos móbiles, lanternas, quentadores de auga para duchas e lavabos... Con esta exposición pretendíase amosar ao estudiantado e persoal da UDC as aplicacións da enerxía solar na vida diaria, así como fomentar o seu uso.





3.5_Limpeza simultânea de praias

O 6 de xuño, a Oficina de Medio Ambiente da UDC participou na III edición da Limpeza Simultánea de Praias organizada por ADEGA; coincidindo coa celebración do día dos océanos e como forma de divulgación e denuncia da problemática que implica o lixo mariño acumulado no noso litoral.

Para esta actividade reunímonos 8 persoas de dentro e fora da universidade para limpar a praia de Bastiagueiro pequeno durante 3 horas. Dividimos a praia en dous grupos de traballo, xuntamos o lixo nun punto común e finalmente separamos o que recollimos por sacos, dependendo do material. Os resultados da limpeza de Bastiagueiro Pequeno deste ano foron os seguintes:

Enchéronse con lixo:	Contido das bolsas:	Cantidade aproximada (Kg):
-12 sacos	-2 sacos de caucho -1 saco de aparellos de pesca -9 sacos de plásticos	-20 Kg en caucho -15-20 Kg en aparellos de pesca -30 Kg en plásticos
-1 saco de obra	-Caucho, madeiras, materiais máis pesados	-20-30 Kg
-1 bolsa pequena	-Vidro	-1,5 Kg de vidro

4_OUTRAS ACTIVIDADES

4.1_Recollida de aliments

4.2_Presentación da candidatura ao premio do voluntariado





4_OUTRAS ACTIVIDADES

4.1_Recollida de alimentos

A Oficina de Cooperación e Voluntariado e a Oficina de Medio Ambiente da UDC, en colaboración co Banco de Alimentos Rías Altas, levaron a cabo unha iniciativa solidaria de recollida de alimentos non perecedoiros polas diferentes facultades da Universidade da Coruña, co fin de fomentar a sensibilización da comunidade universitaria nestes momentos de maior dificultade, non só buscando a solidariedade entre o estudantado, senón tamén facéndolle botar unha ollada crítica sobre a situación actual da nosa sociedade, onde cada vez existen máis persoas ao noso redor que teñen serias dificultades para resistir no día a día. A campaña comezou o martes día 22 de abril e rematou o 13 de maio.





4.2_Presentación da candidatura ao premio do voluntariado

Neste curso presentamos o noso traballo de voluntariado ambiental ao I premio de voluntariado universitario convocado pola fundación Mutua Madrileña. Para presentar a candidatura elaboramos unha memoria co traballo feito e un vídeo resumen das nosas actividades.

Finalmente non fomos seleccionados para o premio mais recibimos os parabéns da organización pola nosa labor de voluntariado.

Na seguinte ligazón podemos ver o video promocional:

<http://www.premiosvoluntariado.com/proyecto/voluntariado-medioambiental-en-el-campus-universitario-y-monte-da-fraga/>

5_MATERIAIS E RECURSOS DA OMA





Qué é a OMA?

OMA-UDC é a Oficina de Medio Ambiente da Universidade da Coruña.

Os obxectivos e funcións da OMA teñen dous campos prioritarios, como son a xestión ambiental xeral e a sensibilización e participación da comunidade universitaria nas cuestións relacionadas co medio ambiente.



AMBIENTE PERSONAL BOLSEIRO E VOLUNTARIADO EN MEDIO AMBIENTE

Que facemos?

Os bolseir@s da OMA organizamos campañas de aforro de papel e auga, xestión de residuos, compostaxe, aforro enerxético, protección da biodiversidade, Proxecto Ríos, promoción do uso da bicicleta, cálculo e divulgación da pegada ecolóxica...



Son conferencias, obradoiros, saídas de campo e feiras de temática medioambiental nas que podes participar.



Colaboras?

Ti podes ser voluntaria/o ambiental da UDC e axudarnos a organizar estas e outras actividades, ou participar nelas.

Se estás interesada/o contacta coa OMA

BIENTE PERSONAL BOLSEIRO E VOLUNTARIADO EN MEDIO AMBIENTE

* Contacta ou síguenos en: www.udc.es/sociedade/medio_ambiente

oficina de medio ambiente UDC / bolseiros OMA @OMA_UDC EMAILS: oma@udc.es oma2@udc.es
medioambienteudc.blogspot.com.es / sustentabilidadenaudc.blogspot.com.es TLF. +34 981 176 000 EXT 5688

Oficina de Medio Ambiente
 VICERREITORÍA DE PLANIFICACIÓN ECONÓMICA E INFRAESTRUTURAS

Tríptico sobre o aforro de papel e enerxía

Busca...

Fibras recicladas (papel reciclado 100%)
 Clorados Ventás plásticas

Acreditacións



Anxo Azul

Fibras recicladas (100%).
 Nin Cloro nin abrandadores ópticos (TCFPI).
 Alta durabilidade e utilización en máquinas.



Biqueta Ecolóxica Europea (UE)

Madeira certificada (FSC) + fibras recicladas.
 Sen cloro elemental (TCF).
 Criterios ambientais na produción.



Cisne Nórdico

Madeira certificada (FSC) + fibras recicladas (>75%) + mestura.
 Sen cloro elemental (ou incluso TCFPI).
 Criterios ambientais na produción.

FSC: Madeira de bosques xestionados dunha forma ecolóxica.
 R: Tratamento libre de cloro.

Para informarte das melloras que está a introducir a UDC, visita a web:

http://www.udc.es/sociedade/medio_ambiente

E pincha en:

Enerxía
 Auga e ríos
 Compostaxe
 Resíduos e recursos
 Mobilidade



Para máis información:

<http://medioambienteudc.blogspot.com>
 Facebook Bolseiros OMA

Edificio Xaana Capdevielle
 Campus de Elviña s/n

Para calquera dúbida, contacta con nós

correo: oma2@udc.es
 teléfono: 981 16 70 00 ext. 5693

OMA
 VICERREITORÍA DE PLANIFICACIÓN
 ECONÓMICA E INFRAESTRUTURAS



TI TAMÉN
 PODES
 AXUDAR Ó
 PLANETA !!!

Consellos para o día a día, na casa e na UDC

1. Aproveita a luz natural sempre que sexa posible.
2. Apaga os luces cando non sexan precisas.



3. Regula a calefacción reduciendo o consumo, non arando as ventás.



4. Equipos informáticos e electrodomésticos
 Elíxe produtos de alta eficiencia enerxética (etiqueta Energy Star, etíq. consume máis un ordenador de mesa que un portátil).



Configura correctamente o modo aforro de enerxía (ata 50% de aforro).
 Se parais 10 min., apaga o monitor (o monitor consume entre o 70 - 80% da enerxía).
 En paradas de máis dunha hora e ó marchar apaga o equipo.



Reduce o brillo da pantalla e elixe fondos escuros.
 Emprega salvapantallas negro, cando superes os 5 min. de inactividade. Emprega tamén hibernación! Imprime a dúas caras, en modo aforro de tinta.



5. Emprega cargadores solares. Están ó teu alcance nas tendas!



6. O ascensor: ata 3 pisos resulta máis saudable e ecolóxico subir as escaleras, e ata 5 pisos farache ben baixas a pé.



7. A bicicleta: saúde e ecoloxía sobre rodas. Emprega como medio de transporte.

Señalase a UDC en selo
 Bolseiros UDC
<http://bolseirosudc.blogspot.com.es/>



8. Un 40% das emisións son a causadas pola transporte. Utiliza transporte público!



Por exemplo, non deixar o quitador prendido cando chamas piloto supón un aforro de 70€ ao ano!

Estamos na Universidade investiga que podemos facer no noso centro.

O cambio climático ten a súa causa no consumo de enerxía fósil. A eficiencia e o aforro de enerxía poden REDUCIR o consumo ata nun 40%. Mais acadar isto require o compromiso de todos e todas ACTUANDO. E é aforro económico!

Por qué non usas papel reciclado na UDC?

1. O papel reciclado ATÁSCASE na Impresora.

☐ Verdadero ☒ Falso

O papel reciclado certificado non ten problemas coa impresión ni coa fiabilidade das máquinas.

2. NON VEXO ben os GRÁFICOS e/ou as IMAXES cando imprime en papel reciclado.

☐ Verdadero ☒ Falso

Tamén hai papel reciclado branco, aínda que para non cansar a vista é mellor usalo gris (tamén é máis respetuoso co medio ambiente).

3. O papel reciclado é MÁIS CARO que o "normal".

☐ Verdadero ☒ Falso

Nos últimos anos o prezo igualouse, e non pagardes máis caros por usalo no teu centro de reprografía.

4. O papel reciclado é mellor ambientalmente.

☒ Verdadero ☐ Falso

A súa pegada ecolóxica estimase dun terzo da do papel de fibra virxe.



6_DOSSIER DE PRENSA



www.laopinioncoruna.es

La Opinión A Coruña

Local Galicia Actualidad Deportes Economía Opinión Ocio Vida y Estilo

A Coruña Gran Coruña

TERNERA CADERA Y BABIUA

Sólo en carnicerías al corte


La Opinión A Coruña » A Coruña

VOTE ESTA NOTICIA ☆☆☆☆☆                                                     



Actualizado: 05:02 h. lunes, 4 de noviembre de 2013

Edición en Castellano



Portada
Galicia
A Coruña

Arteixo
Betanzos
Cambre
Culleredo
Oleiros
Sada

Temas

Fábrica de Armas
Desahucios
Paro
Fusión Oza-Cesuras
Aeropuerto de Alvedro
Preferentes
Deportivo
Básquet Coruña



1 DE JULIO - 29 AGOSTO

6 o 3 HORAS SEMANALES
mañana y tarde

ÚTIL

3

A+

A-

✉

🖨

👍

👎

Publicidad

¡Sudamérica es tuya!

Concello da Coruña

🔍

Coruña

A CORUÑA

Las solicitudes para optar al préstamo de bicicletas de la UDC triplican la oferta

M. V. A CORUÑA / LA VOZ
04 de noviembre de 2013 05:00

★★★★★

1 votos

Las personas interesadas en el préstamo de una bicicleta de la UDC triplican el número de vehículos disponibles. Así en la convocatoria que estuvo abierta hasta el pasado 30 de septiembre se registraron 344 solicitudes frente a las 110 bicicletas que se ofertan. El director de la oficina de Medio Ambiente, Manuel Soto, señala que en los últimos años se viene registrando un gran interés por utilizar este servicio, incluso llegando al medio millar de inscripciones.

Soto insiste en que se entregaron según el orden de registro, que era el único requisito, aunque se premió a aquellos que en los dos últimos años no la hubieran conseguido. «En este caso

SABER MÁS...

Publicidad

La Voz de A Coruña

Actualizado: 14:09 h. jueves, 26 de septiembre de 2013

Edición en Castellano

Cancello da Coruña

Portada Galicia **A Coruña** Arteixo Betanzos Cambre Culleredo Oleiros Sada

Temas Fábrica de Armas Desahucios Paro Fusión Oza-Cesuras Aeropuerto de Alvedro Preferentes Deportivo Básquet Coruña

Publicidad

La UDC incluye 110 bicicletas en su programa de préstamos para la comunidad universitaria

Los interesados han de tramitar su solicitud antes del 30 de septiembre

PATRICIA BLANCO
A Coruña 26 de septiembre de 2013 14:08

La Universidade da Coruña (UDC) pone en marcha de nuevo para este curso su Programa de Préstamos de Bicicletas, que este año contará con 110 vehículos. La iniciativa está organizada por la Oficina de Medio Ambiente, con la colaboración de la Asociación por unha Mobilidade Responsable Mobi-liza. Los interesados en alquilar alguna de estas bicicletas han de tramitar su solicitud a través de la web antes de las dos de la tarde del 30 de septiembre. El objetivo del programa radica en fomentar el uso de la bicicleta como medio de transporte entre la comunidad universitaria.

SABER MÁS...

A Coruña

Publicidad

Diamondback Vortex - Prismáticos (8x 42 mm)

€185,16



La UDC, pionera en la implantación del programa internacional Green Campus



La Universidade da Coruña (UDC) se convirtió hoy en una de las primeras universidades en España en implantar los **procedimientos de gestión ecológica** del programa internacional **Green Campus**.

13
03
2014

Este programa, promovido por la **Fundation for Environmental Education (FEE)**, encargada también de otorgar las distinciones de Bandera Azul de las playas, tendrá en cuenta aspectos como el uso eficaz de la **energía**, la **movilidad** sostenible o la compra **socialmente responsable** con un menor impacto ecológico.

En un principio, el Green Campus sólo será efectivo en las facultades de Arquitectura, Ciencias y Educación, pero **está previsto que se vaya incorporando progresivamente al resto de centros**. La Oficina de Medio Ambiente será la encargada de coordinar el proyecto y de realizar una evaluación previa de la situación para después desarrollar medidas concretas en cada facultad.



Noticias

Como hacer unha reforestación participativa?

Como nova actividade de voluntariado ambiental, a Oficina de Medio Ambiente (OMA-UDC) vai iniciar unha reforestación participativa no monte da Fraga (A Zapateira, espazo situado entre a Facultade de Ciencias e a de Filoloxía)



Publicado en viernes, 15 de noviembre de 2013

Medioambiente Tercer Sector

Este proxecto pretende **fomentar a participación cidadá no desenvolvemento de accións ligadas á conservación da biodiversidade, a restauración e a mellora do espazo público no Campus universitario.**

Ao longo do tempo, a OMA-UDC propónse **transformar o eucalipto do Monte da Fraga nunha fraga autóctona facendo deste lugar un sitio respectuoso co medio.** Nesta nova fase, buscamos que **vos participades nesta transformación** dun xeito activo.

Para iniciar esta actividade de participación o primeiro que faremos será unha **visita guiada ao Monte da Fraga**, na que faremos unha **diagnose do territorio** e coñeceremos as súas problemáticas e fortalezas, así como as actuacións xa levadas a cabo e os proxectos en elaboración.

Posteriormente contaremos con **Manuel Santos, representante do Comité en Defensa do Monte Galego**, quen nos explicará os **métodos para iniciar unha reforestación participativa e tamén**

← Impulso a la RSE como apuesta por el desarrollo sostenible

Los próximos 3, 4 y 5 de abril se celebrará en Villareal el I RSEncuentro →

“Del reciclaje a residuos cero: la situación de la UDC”

Publicado el 26 febrero, 2014 por RSE

Tras la realización de las primeras jornadas internacionales de responsabilidad social universitaria y la iniciativa que surgió de intentar sentar las bases para crear el observatorio internacional de responsabilidad social universitaria, se pon de manifiesto más que nunca la importancia de que las universidades, como puntal de la innovación y desarrollo, tengan una mayor implicación en las políticas de responsabilidad social.

En este sentido es preciso destacar el papel fundamental que ejercen las universidades gallegas con respecto a la responsabilidad social universitaria. Precisamente hoy, a las 16:30 horas, se llevará a cabo en la Oficina de Medio Ambiente, de la Universidad de A Coruña, una charla sobre la gestión de residuos bajo el título “Del reciclaje a residuos cero: la situación de la UDC”.

La jornada nace con el objetivo de dar a conocer el Plan de Gestión de Residuos de la Universidad de A Coruña, así como las acciones que está desarrollando en este ámbito. La UDC actúa con respecto a tres líneas: prevención, reciclaje de papel y compostaje.

Edificio Xoana Capdevielle
Campus da Elviña s/n
oma@udc.es
Tel.: +34 981 167 000 exts.: 5688 / 7769

Oficina de Medio Ambiente
Vicerreitoría de Planificación
Económica e Infraestruturas
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

